

O Proxecto Ríos vén de celebrar o **XVII Curso de Formación para Coordenadores/as de Grupo** na Estación de Hidrobioloxía do Encoro do Con. Estes cursos teñen o obxectivo de facilitar a realización das inspeccións de río por parte do voluntariado participante e están, como sempre, centrados na identificación de macroinvertebrados. Ademais, desta volta, adicamos un espazo para coñecer iniciativas e actividades de voluntariado e educación ambiental nos cursos fluviais. Nesta edición contamos coa presenza de Pilar Monterrubio, do CENEAM, para expoñer interesantes propostas sobre educacación ambiental e voluntariado nos cursos fluviais.

A xornada deu comezo ás 11:00 da mañá coa acollida dos participantes e a entrega do material da xornada. Ás 11:15 iniciamos o curso coa presentación, por parte de Virginia Rodríguez, Coordinadora do proxecto, das actividades programadas para a campaña de primavera. A continuación Paco Bañobre, coordinador de grupos do proxecto, deu conta dos resultados obtidos nas inspeccións realizadas en 2012 polo voluntariado e que aparecen no Informe Anual que e dita o Proxecto Ríos. De seguido, Lucía Parente, coordinadora do pr ograma de Custodia Fluvial nas bacías dos ríos Ulla, Umia e Lérez, comentou o estado das diferentes actuacións desenvolvidas polo voluntariado en ditos ríos.

Arredor das 12:30h Pilar Monterrubio, do CENEAM, e Ramsés Pérez de Proxecto Ríos, falaron sobre Educación Ambiental e Voluntariado Ambiental nos cursos fluviais, expoñendo diferentes actividades que se poden realizar arredor dos ríos tanto con voluntariado como con centro de ensino.





